

Que facer durante o estado de alarma?

- Cun pouco de fariña, azucre, sal...esparcido pola mesa ou chan, debuxar os números ou letras que xa se coñezan.
- Aproveitar as rutinas diarias para establecer unha boa expresión oral tendo en conta as quendas de palabra ou o coidado do vocabulario utilizado .
- Ler contos. Aproveitar a situación para facer preguntas e traballar así a comprensión. Aos máis maiores pódesele pedir que clasifiquen os tipos de palabras, inventen outro principio-final, etc. todo o que se nos ocorra.
- Xogar ao "Vexo, vexo" aproveitando para traballar as descrições (cores, tamaño, cercanía, etc...)
- Xogar a "Memoria auditiva" facendo repeticións de series: "mesa", "mesa-gato", "mesa-gato-coche".
- Inventar historias que inclúan varias palabras ditas ao azar.
- Facer un diario do que está a acontecer contando como se sente un/unha mesmo/a.
- Clasificar os xoguetes en diferentes campos semánticos: animais, alimentos, transportes...
- Pasar tempo coa familia, dar moitos bicos e apertas e desfrutar dos momentos xuntos.
- Aprender trabalinguas, cancións, poesías, etc.
- Adiviñar algo a través de xestos.
- Xogar a palabras encadeadas (facer unha lista de palabras onde a condición é que a seguinte que digamos ten que comezar pola última sílaba da palabra que xa está dita).

#euquedonacasa

